# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
XEFA DO DEPARTAMENTO: Isabel Rodríguez Giadás
MATERIAS:

- XEOGRAFÍA E HISTORIA (1º, 2º, 3º e 4º ESO)
- CULTURA CLÁSICA (3º ESO)
- ECONOMÍA (4º ESO)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles ................................ 3
    1.1. Xeografía e Historia 1º ESO................................................................ 3
    1.2. Xeografía e Historia 2º ESO................................................................ 4
    1.3. Xeografía e Historia 3º ESO................................................................ 5
    1.4. Xeografía e Historia 4º ESO................................................................ 6
    1.5. Cultura Clásica 3º ESO ........................................................................ 7
    1.6. Economía 4º ESO................................................................................ 8
2. Avaliación e cualificación ............................................................................ 10
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) .............................................................................................. 12
4. Información e publicidade ........................................................................... 13

# 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

## 1.1. Xeografía e Historia 1º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. |
| ▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. |
| ▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. | ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. |
| ▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. | ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. |
| | ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. |
| ▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. | ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. |
| ▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. | ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos |
| | ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. |
| ▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. |
| ▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. |
| | ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. |
| ▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. |

## 1.2. Xeografía e Historia 2º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. |
| | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. |
| ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. |
| | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. |
| ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. |
| | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. |
| ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. |
| ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. |
| | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. |
| ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. |
| ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. |

## 1.3. Xeografía e Historia 3º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. | ▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. |
| ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. |
| ▪ B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | ▪ XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. |
| ▪ B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna. | ▪ XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. |
| ▪ B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. |
| | ▪ XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. |
| | ▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. |
| ▪ B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | ▪ XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". |

## 1.4. Xeografía e Historia 4º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. |
| ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. |
| ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. |
| | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. |
| ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. |
| ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco |

## 1.5. Cultura Clásica 3º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. | ▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. |
| ▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. | ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. |
| | ▪ CCB6.4.2.Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas. |
| ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. | ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. |
| | ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. |
| ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. | ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. |
| | ▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. |
| ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. | ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade. |

## 1.6. Economía 4º ESO

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| ▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| | ▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| | ▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. |
| ▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| | ▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. |
| | ▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. |

## 2. Avaliación e cualificación

<table>
<tr>
<td rowspan="2">Avaliación</td>
<td>Procedementos:<br>A avaliación basearase nas aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres e nas actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a suspensión de clases (14/03/2020).<br>O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles nas dúas primeiras avaliacións do curso deberá realizar actividades de recuperación que lle permita adquirilas e, polo tanto, superar a materia.</td>
</tr>
<tr>
<td>Instrumentos:<br>• Probas obxectivas realizadas durante a 1ª e 2ª avaliación.<br>• Para a recuperación das avaliacións suspensas, o alumnado realizará as actividades programadas para cada unha delas.<br>• As actividades levadas a cabo durante o 3º trimestre que serán valoradas mediante rúbricas de observación:<br>▪ Xeografía e Historia:<br>- Exercicios de comprensión dos diferentes temas.<br>- Exercicios de interpretación de gráficos e mapas de contido histórico e xeográfico.<br>- Lectura e comprensión de textos históricos.<br>▪ Cultura Clásica:<br>- Exercicios de comprensión e indagación sobre mitos clásicos.<br>- Exercicios sobre lingua grecolatina.<br>▪ Economía:<br>- Exercicios de comprensión dos temas.<br>- Exercicios de interpretación de gráficos.<br>- Exercicios nos que se require a realización de diferentes cálculos.</td>
</tr>
</table>

**Cualificación final**

- Para a **recuperación das avaliacións suspensas**, tendo en conta a excepcionalidade da metodoloxía de avaliación (que non contempla as probas obxectivas que estaban programadas), a dificultade de valoración do traballo do alumnado por medios telemáticos, así como a avaliación só duns contidos mínimos, a cualificación **non poderá superar os 5 puntos** e valorarase do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| 5 puntos | Entrega do 50% ou máis das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización.<br>Entrega do 75% ou máis das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |
| 4 puntos | Entrega do 50-75% das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |
| 3 puntos | Entrega do 25-50% das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización. |
| 2 puntos | Entrega do 25-50% das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |
| 1 punto | Entrega do 25% ou menos das tarefas solicitadas e con boa calidade. |
| 0 puntos | Entrega do 25% ou menos das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |

- Para obter a **cualificación final da convocatoria de xuño** seguirase o seguinte procedemento:
  - Á nota media resultante das dúas primeiras avaliacións poderáselle sumar **ata un máximo de 1 punto** en función do traballo realizado ó longo do terceiro trimestre, que se valorará do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| 1 punto | Entrega do 90% ou máis das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización. |
| 0,75 puntos | Entrega do 90% ou máis das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |
| 0,5 puntos | Entrega do 75-90% das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización. |
| 0,25 puntos | Entrega do 50-75% das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas. |
| 0 puntos | Entrega de menos do 50% das tarefas solicitadas. |

    *Non contarán: as actividades que sexan entregadas fóra de prazo, as actividades que sexan meras copias de información ou non se axusten ó que se pide e aquelas que sexan idénticas ás doutra persoa (non contarán para ningunha das persoas con tarefas idénticas).
  - Se unha nota media ten un decimal de 0,5 ou superior, farase o redondeo á alza.

<table>
<tr>
<td>Proba extraordinaria de setembro</td>
<td>Superarán a materia na convocatoria extraordinaria de setembro aqueles alumnos/-as que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.<br>A proba extraordinaria de setembro versará sobre os contidos que foran avaliados ata a declaración do estado de alarma (14 de marzo).</td>
</tr>
<tr>
<td rowspan="3">Alumnado de materia pendente</td>
<td>Criterios de avaliación:<br>Para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores, os alumnos/-as entregarán as actividades correspondentes á 2ª parte e, no caso de non ter superada a 1ª parte, entregarán tamén as actividades correspondentes a esta.<br>Tendo en conta a excepcionalidade da metodoloxía de avaliación (que non contempla as probas obxectivas que estaban programadas), a dificultade de valoración do traballo do alumnado por medios telemáticos, e a avaliación só duns contidos mínimos, a cualificación da segunda parte e, no seu caso, da primeira, non poderá superar os 5 puntos e valorarase do seguinte xeito:
<table>
<tr><td>5 puntos</td><td>Entrega do 50% ou máis das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización.<br>Entrega do 75% ou máis das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas.</td></tr>
<tr><td>4 puntos</td><td>Entrega do 50-75% das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas.</td></tr>
<tr><td>3 puntos</td><td>Entrega do 25-50% das tarefas solicitadas e con boa calidade na súa realización.</td></tr>
<tr><td>2 puntos</td><td>Entrega do 25-50% das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas.</td></tr>
<tr><td>1 punto</td><td>Entrega do 25% ou menos das tarefas solicitadas e con boa calidade.</td></tr>
<tr><td>0 puntos</td><td>Entrega do 25% ou menos das tarefas solicitadas pero con actividades incompletas.</td></tr>
</table>
</td>
</tr>
<tr>
<td>Criterios de cualificación:<br>A nota final será o resultado da media aritmética das notas da primeira e da segunda parte, se é igual ou superior a 5, o alumnado terá superada a materia.</td>
</tr>
<tr>
<td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Procedementos: A materia pendente foi dividida en dúas partes, polo que a avaliación basearase nas aprendizaxes desenvolvidas na primeira parte e nas actividades de recuperación realizadas dende a suspensión de clases (14/03/2020). O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na primeira parte deberá realizar actividades de recuperación que lle permita adquirilas e, polo tanto, superar a materia.<br>Instrumentos:<ul><li>Probas obxectivas realizadas para a primeira parte.</li><li>Actividades programadas para a recuperación da primeira parte.</li><li>Actividades levadas a cabo para a segunda parte que serán valoradas mediante rúbricas.</li></ul></td>
</tr>
</table>

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<table>
<tr><td>Actividades</td><td>As actividades que se levarán a cabo durante o 3º trimestre estarán baseadas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles sinaladas no apartado 1:<br>▪ Xeografía e Historia:<br>- Exercicios de comprensión dos diferentes temas.<br>- Exercicios de interpretación de gráficos e mapas de contido histórico e xeográfico.<br>- Lectura e comprensión de textos históricos.<br>▪ Cultura Clásica:<br>- Exercicios de comprensión lectora e indagación sobre mitos clásicos.<br>- Exercicios sobre lingua grecolatina.<br>▪ Economía:<br>- Exercicios de comprensión lectora.<br>- Exercicios de interpretación de gráficos.<br>- Exercicios nos que se require a realización de diferentes cálculos.</td></tr>
<tr><td>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</td><td>Preténdese que a metodoloxía sexa activa e participativa a través da aula virtual, onde se publicarán todos os materiais e tarefas tanto os correspondentes á recuperación da 1ª e 2ª avaliación como os da 3ª avaliación.<br>A periodicidade das publicacións será, por norma xeral, semanal e o prazo para a realización das tarefas estará marcado en cada unha delas.<br>As tarefas serán supervisadas e corrixidas pola profesora.<br>Preténdese que a comunicación entre alumnado e profesorado sexa o máis fluída posible<br>O alumnado con conectividade pode seguir as clases a través da aula virtual, que permite o intercambio de mensaxes a través de comentarios ou do correo electrónico.<br>En caso de que haxa alumnado sen conectividade ou que non estea localizable informarase ao/á titor/-a.<br>Ademais, o Departamento de Xeografía e Historia porase en contacto coa familia do alumnado afectado a través de diversos medios (correo electrónico, Abalarmóbil ou chamada telefónica) e facilitaralle ao/á alumno/-a o material necesario para que poida seguir as clases, buscando unha alternativa á aula virtual.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **Materiais e recursos** | • Libros de texto (Editorial Santillana), para a materia de Xeografía e Historia, en todos os cursos.<br>• EDIXGAL, para a materia de Xeografía e Historia en 1º e 2º da ESO.<br>• Aula virtual, dende a que se facilitará o material necesario para o desenvolvemento das actividades a realizar no terceiro trimestre:<br>- Documentos en formato pdf.<br>- Presentacións.<br>- Vídeos.<br>- Ligazóns a diversas páxinas para a realización de actividades, lectura de documentos, visualización de vídeos, etc. |

## 4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O alumnado e as familias serán informados a través de diferentes medios: páxina web do centro, correo electrónico e/ou a aplicación Abalarmóbil. |
| **Publicidade** | Esta adaptación da Programación Didáctica será publicada na páxina web do centro. |